

Sur: Parcela n.º 126  
 Este: Parcela n.º 197  
 Oeste: Límite exterior do ámbito

*Descrición da finca a ocupar*

Superficie da finca: 147,00 m<sup>2</sup>  
 Cota participación e custes: 0,57 %  
 Aproveitamento lucrativo: 79,38 m<sup>2</sup>  
 Custes repercutibles: 4.554,98 euros  
 Pond. Custes/aprov: 21,69  
 Aprov. Urbanizado: 57,69 euros

**Polígono 61. Parcela 103. N.º Finca expediente 197**

Titular: Descoñecido  
 Domicilio:  
 Paraxe: Sobral  
 Lindes: Norte: Estrada E.P 2405 Cerquido - Budiño  
 Sur: Límite exterior do ámbito  
 Este: Límite exterior do ámbito e Estrada E.P 2405 Cerquido-Budiño  
 Oeste: Parcelas n.º 195,122,123,124,125,126,127 e 128.

*Descrición da finca a ocupar*

Superficie da finca: 486,00 m<sup>2</sup>  
 Cota participación e custes: 1,88%  
 Aproveitamento lucrativo: 262,44 m<sup>2</sup>  
 Custes repercutibles: .15.023,46 euros  
 Pond. Custes/aprov: 71,54  
 Aprov. Urbanizado: 190,90 euros

**Polígono 60. Parcela 1092. N.º Finca expediente 198**  
**Polígono 60. Parcela 1093. N.º Finca expediente 198**  
**Polígono 60. Parcela 1094. N.º Finca expediente 198**  
**Polígono 60. Parcela 1095. N.º Finca expediente 198**  
**Polígono 60. Parcela 1096. N.º Finca expediente 198**

Titular: Descoñecido  
 Domicilio:  
 Paraxe: Sobral  
 Lindes: Norte: Límite exterior do ámbito  
 Sur: Límite exterior do ámbito e Estrada E.P 2405 Cerquido-Budiño  
 Este: Límite exterior do ámbito  
 Oeste: Estrada E.P 2405 Cerquido-Budiño

*Descrición da finca a ocupar*

Superficie da finca: 179,00 m<sup>2</sup>  
 Cota participación e custes: 0,69 %  
 Aproveitamento lucrativo: 96,66 m<sup>2</sup>  
 Custes repercutibles: 5.513,93 euros  
 Pond. Custes/aprov: 26,26  
 Aprov. Urbanizado: 70,40 euros

**Polígono 61. Parcela 65. N.º Finca expediente 108**

Titular: Antonio Lemos  
 Domicilio:  
 Paraxe: Bouzabares  
 Lindes: Norte: Parcela n.º 109.  
 Sur: Parcela n.º 107.  
 Este: Parcela n.º 147.  
 Oeste: Límite exterior do ámbito.

*Descrición da finca a ocupar*

Superficie da finca: 630,00 m<sup>2</sup>  
 Cota participación e custes: 2,38%  
 Aproveitamento lucrativo: 340,20 m<sup>2</sup>  
 Custes repercutibles: 19.019,06 euros  
 Pond. Custes/aprov: 90,57  
 Aprov. Urbanizado: 249,63 euros.

O Porriño, a 17 de xullo de 2006.—O Alcalde,  
 Raúl Francés Rodríguez. **2006007905**

\* \* \*

**T U I**

**E D I C T O**

Aprobado polo Pleno da Corporación Municipal o “Regulamento de Servicios de Transportes en Automóviles Lixeiros”, publicado no Boletín oficial da Provincial nº 114 do 15 de Xuño de 2006, para súa exposición ó pública, polo prazo de trinta días, ó non terse presentada ningunha reclamación o mesmo, procedese á súa publicación definitiva do seu texto íntegro polo prazo de quince días, para a súa entrada en vigor

Regulamento de servicio de transporte en automóbiles lixeiros.

**I. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN**

*Art. 1.*

Ó amparo do establecido no Art. 1 do Regulamento Nacional dos Servicios Urbanos e Interurbanos de transporte en Automóbiles Lixeiros, aprobado por Real Decreto 763/79, de 16 de marzo, e no exercicio da potestade recoñecida no Art. 4 da Lei 7/85 de Bases de Réxime Local se dicta a presente Ordenanza, có obxecto de regular o servicio público de automóbiles con aparato taxímetro no termo municipal de Tui.

*Art. 2.*

Naquelas materias non reguladas pola presente Ordenanza aplicarase subsidiariamente a Regulamentación Nacional dos Servicios Urbanos e Interurbanos de Transporte en Automóbiles Lixeiros, de 16 de marzo de 1979, a Lei 16/87 de Ordenación dos Transportes Terrestres e demais disposicións de xeneral aplicación. Tamén será de aplicación o Real Decreto 1211/1990 de 28 de setembro da Lei de Ordenación dos Transportes Terrestres, así como a Lei de Seguridade Vial.

## II. DAS LICENCIAS

*Art. 3.*

Será requisito para a prestación do servizo obxecto da presente Ordenanza estar en posesión da correspondente licenza municipal.

Cada licenza terá un só titular e amparará a un só e determinado vehículo.

*Art. 4.*

O número de licencias verá determinado pola necesidade e conveniencia do servizo a prestar ó público, na forma e condicións previstas no artigo 11 do Regulamento Nacional.

*Art. 5.*

As licencias serán de duración indefinida, debendo manter as condicións da súa creación, sen perxuício das causas de caducidade, revogación ou anulación, establecidas no artigo 48 do referido Regulamento Nacional.

Os titulares da licenza poderán renunciar ás mesmas, pero en todo caso, para que dita renuncia xurda efecto deberá ser expresamente aceptada polo Concello de Tui.

*Art. 6.*

As licencias outórganse a favor de conductores asalariados de auto-taxis que presten servizo, por rigorosa e continua antigüidade, acreditadas mediante o permiso local de conducir e súas cotizacións á Seguridade Social, debendo contar cun mínimo de seis meses contados ata o momento en que a Alcaldía acorde iniciais o expediente de concesión de licencias.

As licencias que non se adxudiquen con arranxo o apartado anterior outórganse ás persoas naturais ou xurídicas que as obteñan mediante concurso libre.

*Art. 7.*

As licencias de auto-taxis só serán transmisibles nos supostos establecidos no Art. 14 do Regulamento Nacional. Así, as licencias serán intransmisibles, salvo nos supostos seguintes:

- a) No falecemento do titular, a favor do seu cónxuxe viúvo ou herdeiros lexítimos.
- b) Cando o cónxuxe viúvo ou os herdeiros lexítimos e o xubilado non poidan explotar as licencias como actividade única e exclusiva, e previa autorización da Entidade Local, en favor dos conductores asalariados, tendo en todo caso dereito de tanteo calquera outro herdeiro forzoso en posesión do «permiso local de Conductor».
- c) Cando se imposibilite para o exercicio profesional o titular da licenza, por motivo de en-

fermidade, accidente ou outros que podan cualificarse de forza maior (entre eles a retirada definitiva do permiso de conducir necesario), a apreciar no correspondente expediente, en favor dos solicitantes do apartado anterior.

- d) Cando a licenza teña unha antigüidade superior a cinco anos, o titular poderá transmitila, previa autorización do Concello, ó Conductor asalariado con permiso de conducir e exercicio na profesión durante un ano, non podendo o primeiro obter nova licenza do mesmo Concello no prazo de dez anos por ningunha das formas establecidas neste Regulamento, nin o adquirente transmitila de novo senón nos supostos sinalados no presente artigo.

As licencias cuxa titularidade corresponda a persoas xurídicas soamente serán transmisibles cando, tendo unha antigüidade de cinco anos, se enaxenen a totalidade dos seus títulos.

As licencias soamente poderán transmitirse cando tendo unha antigüidade superior a cinco anos se respecten os límites mínimos de titularidade do artigo 18 do Regulamento Nacional

As transmisións que se realicen contravindo os apartados anteriores producirán a revogación da licenza polo Concello, previa tramitación do expediente iniciado de oficio, a instancia das Centrais sindicais, Asociacións profesionais ou calquera outro interesado.

*Art. 8.*

O titular da licenza non poderá en ningún caso arrendar, ceder ou traspasar a explotación da licenza, estando obrigado a explotala persoal ou conxuntamente mediante a contratación de conductores asalariados en posesión do permiso local de conducir e afiliación á Seguridade Social en réxime de plena e exclusiva dedicación e de incompatibilidade con outra profesión.

No prazo de sesenta días naturais, contados dende a data de concesión da licenza, o titular ven obrigado a prestar servizo de forma inmediata e con vehículo afecto á mesma, que deberá cumprir os requisitos establecidos nesta Ordenanza, previa comprobación polos Servizos técnicos competentes.

*Art. 9.*

Pola Administración municipal levarase o rexistro e control das licencias concedidas, onde se irán anotando as incidencias relativas ós titulares das mesmas, os conductores e ós vehículos a elas afectos.

Os propietarios de licencias deberán comunicar os cambios que se produzan ó respecto, así como as variacións de domicilio, dentro dos quince días seguintes a partir da data en que acontecese.

## III. DAS TARIFAS

*Art. 10.*

A explotación e utilización do servizo de auto-taxis está suxeito a tarifa, cuido abono será obrigatorio para os usuarios do servizo.

O réxime tarifario aplicable é o establecido pola Xunta de Galicia, segundo a Orde da Consellería de Política Territorial, obras públicas e vivenda do 15 de decembro de 2005. As tarifas serán susceptibles de revisión con arranxo ás modificacións que polo órgano competente se fosen aprobando.

Asemade, o Concello establecerá un perímetro urbano, aprobando unha tarifa de réxime urbano aplicable soamente no perímetro acordado do Concello de Tui. A referida tarifa, deberá ser ratificada pola Comisión de Prezos de Santiago ou polo órgano competente que o substitúa en cada momento. Esta tarifa constará dunha baixada de bandeira, un prezo por kilómetro e unha hora de espera, xunto cos diferentes suplementos que se aproben. Na tarifa urbana diferenciaranse dous horarios constando dunha tarifa diurna, que comprenderá dende as 06,00 horas ata as 22,00 horas, e unha tarifa nocturna que comprenderá dende as 22,00 horas ata as 06,00 horas, domingos e festivos e os sábados dende as 15,00 horas.

*Art. 11.*

O pago do importe da prestación do servizo será aboado polo usuario á súa finalización, debendo ser visibles as tarifas de aplicación, dende o interior do vehículo. Nas mesmas se conterán os suplementos e tarifas especiais que proceda aplicar a determinados servizos.

Si durante a prestación do servizo, o conductor fose requirido para esperar o regreso dos viaxeiros, que transitoriamente desexen interromper o recorrido, na aplicación da tarifa deberá terse en conta:

Que no caso de que o lugar non ofrezca limitacións en canto ó estacionamento cobrará o importe do percorrido efectuado, engadindo o custe de media hora de espera si é en poboación ou unha hora si a espera se produce en descampado. Unha vez transcorridos ditos tempos, poderá ausentarse se non se produce o regreso dos viaxeiros.

No suposto de que o lugar ofrezca limitacións en canto ó estacionamento, poderá cobrar o importe do percorrido realizado, desvinculándose do servizo.

Nos servizos que se realicen a fora do casco urbano, poderase recabar do pasaxeiro ata o 50% do importe do servizo a modo de garantía antes de comeza-la viaxe.

*Art. 12.*

Os conductores dos vehículos verán obrigados a expender un recibo do importe do servizo, cando así o soliciten os usuarios.

*Art. 13.*

Os conductores dos vehículos están obrigados a proporcionar ó usuario cambios de moeda metálica ou billetes, ata a cantidade de 20 euros.

Cando non dispoñan do cambio obrigatorio abandonarán o vehículo para proveelo, deixando o taxímetro en punto morto.

Cando o cambio a devolver sexa superior ó regulamentario poderá deixar o taxímetro en marcha, ata que se lle proporcione o importe ou cantidade a que ascende a tarifa.

## IV. DOS VEHÍCULOS

*Art. 14.*

O vehículo de servizo, será de propiedade do titular da licenza que a ampara e figurará inscrito no Rexistro da Dirección Xeral de tráfico.

*Art. 15.*

Os vehículos destinados á prestación do servizo obxecto da presente Ordenanza deberán reunir as seguintes características:

1. Carrozaría cerrada con 4 portas de fácil acceso e funcionamento que facilite a manobra con suavidade, e con capacidade que non excederá de cinco prazas.

2. As portas, deberán estar dotadas do mecanismo conveniente para accionar súas lúas á vontade do usuario.

3. Os asentos, tanto do conductor como dos usuarios, terán flexibilidade suficiente para ceder, como mínimo, seis centímetros ó sentarse unha persoa.

4. Os respaldos tamén terán flexibilidade para ceder, como mínimo, catro centímetros.

5. O interior estará revestido de material que poida limparse facilmente para súa conservación en estado de pulcritude.

6. O piso irá recuberto de goma u outra materia impermeable fácil de limpar.

7. Os vehículos deberán ir provistos de extintor de incendios.

8. Alumeado interior para servizos nocturnos.

9. Os vehículos poderán ir provistos dunha mampara de separación entre o conductor e os usuarios, das características ó efecto establecidas e homologadas polas autoridades competentes. Cando se instale mampara de separación, a capacidade do vehículo será para tres viaxeiros como mínimo, ampliable a catro cando o conductor do vehículo autorice a utilización do asento contiguo ó seu.

10. En previsión dun futuro aumento de poboación e a creación dun casco urbano, a autoridade municipal poderá acordar xunto co colectivo taxista, a instalación de radiotéfonos nos vehículos e aquelas innovacións técnicas que as circunstancias o aconsellen e redunden en beneficio do servizo.

*Art. 16.*

Os vehículos de auto-taxis irán pintados de cor branco, gris prata ou similar, ostentando ademais nas portas dianteiras e a ambos lados, de forma simétrica os seguintes distintivos:

- O escudo da cidade, que será dun tamaño de 14 centímetros de alto por 9 de ancho.
- Número de licenza local en cor negro de 5 centímetros de alta e ancho proporcionado.

No teito do vehículo acoplarase un módulo indicador de taxi multitarefas, indicando a tarifa que se aplica en cada momento, xunto coa luz verde de libre, que se conectará coa baixada de bandeira do aparato taxímetro.

*Art. 17.*

No interior e en sitio visible para os usuarios, se situará unha placa na que figure o número de prazas do vehículo, a matrícula e de licenza municipal.

Os vehículos levarán un cartel no interior do vehículo que prohiba fumar ós ocupantes do mesmo.

*Art. 18.*

A instalación de publicidade nos vehículos, requirirá a previa autorización municipal.

A publicidade no interior do vehículo só se autorizará polo Concello nos casos en que se conserve a unidade estética do vehículo e non impida a visibilidade.

A publicidade exterior irá colocada de forma que non prexudique a visibilidade do conductor a través do espello retrovisor interior do vehículo, podendo ubicarse ó longo das portas traseiras, cunhas dimensións máximas de 50 centímetros de ancho por 25 de alto.

*Art. 19.*

Durante a prestación do servizo os vehículos se encontrarán provistos con a seguinte documentación e efectos:

## 1. Referentes ó vehículo:

- Permiso de circulación.
- Tarxeta de inspección técnica vixente.
- Póliza e recibo da entidade aseguradora.
- Licenza municipal.

## 2. Referentes ó conductor:

- Carné de conducir da clase esixida pola lexislación de tráfico.
- Permiso local de conducir, no que figura adscrito o vehículo da licenza na que presta servizos.
- Tarxeta de identificación profesional do conductor.

## 3. Referentes ó servizo:

- Placa interior en lugar visible, có número de licenza-matrícula e número de prazas.
- Exemplar da Lei de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial.
- Exemplar da presente Ordenanza.
- Exemplar do Regulamento Nacional de Servizos urbanos e interurbanos de transporte en automóbiles lixeiros.
- Impreso de tarifas vixentes e suplementos.
- Talonario de recibos no que deberá figurar impreso o número de licenza do vehículo, debendo estar tódalas súas follas, numeradas correlativamente.
- Libro de reclamacións segundo o modelo oficial que se aprobe.

*Art. 20.*

O titular deberá manter o vehículo en perfecto estado de conservación e limpeza, de tal forma que en todo momento cumpra os requisitos establecidos nesta Ordenanza, así como as normas, bandos e instrucións que se poidan dictar.

*Art. 21.*

O cumprimento dos requisitos establecidos nos artigos anteriores, se comprobará polos servizos municipais correspondentes. Non se autorizará a posta en servizo de vehículos nos que non sexan revisadas as súas condicións de seguridade, conservación e documentación.

*Art. 22.*

Anualmente, polos servizos municipais correspondentes se pasará unha revista, có obxecto de comprobar o estado do vehículo e a constatación dos datos da documentación relativa ó mesmo, seu titular e conductores cós que figure no Rexistro Municipal. Non obstante, en calquera momento poderán ordenarse revisións extraordinarias e incluso inspeccións periódicas.

As revisións anteriores levaránse a cabo sen perxucio e con independencia da facultade establecida sobre a revisión dos vehículos atribuída a outros organismos.

*Art. 23.*

Os titulares das licencias poderán substituír, previa autorización municipal, o vehículo adscrito ás mesmas por outro máis moderno ou de mellores condicións. O vehículo substituído deberá someterse á revisión correspondente, que terá por obxecto a comprobación dos requisitos establecidos nesta Ordenanza e instrucións que se podan dictar no seu desenrolo. En ningún caso admitiranse vehículos que teñan unha antigüidade superior ós cinco anos.

## V. DOS CONDUCTORES

*Art. 24.*

Para poder conducir os vehículos afectos ó servizo regulado por esta Ordenanza será obrigatorio estar en posesión do permiso municipal correspondente.

*Art. 25.*

Para obter o permiso a que se refire o artigo anterior, será preciso:

1. Solicitalo mediante instancia dirixida á Alcaldía.
2. Acreditar as seguintes condicións:
  - a) Non haber cometido delicto ningún durante os dous anos inmediatamente anteriores á data de solicitude do permiso municipal de conducir, mediante certificación expedida polo Ministerio de Xustiza.
  - b) Non padecer enfermidade infectocontaxiosa ou impedimento físico que imposibilite ou dificulte o normal exercicio da profesión, mediante certificado expedido por médico competente.
  - c) Estar en posesión do carné de conducir BTP.
  - d) Supera-la correspondente proba de aptitude, que versará sobre situación de rúas, edificios públicos, monumentos do Concello, itinerarios, normativa de tráfico e demais normas estatais ou municipais que sexan de aplicación ó servizo.

*Art. 26.*

O permiso municipal terá unha validez para un período máximo de cinco anos, ó termo dos cales deberá ser renovado a instancia dos seus titulares ou no seu caso cando se produza a renovación do permiso de conducir. A renovación se efectuará sen necesidade de exame a todos aqueles que acrediten, mediante o permiso municipal de conducir e certificación das súas cotizacións á Seguridade Social ou á Mutualidade Laboral de Traballadores Autónomos, haber desempeñado súa profesión por un prazo mínimo de un ano.

*Art. 27.*

A Administración municipal, levará o rexistro e control dos permisos municipais de conducir concedidos, onde se irán anotando as incidencias relativas ós titulares. A tal fin, os propietarios de licencias verán obrigados a comunicar á mencionada área, as altas e as baixas de conductores que se produzan nos seus vehículos, nun prazo non superior a dez días.

## VI. DA PRESTACIÓN DO SERVICIO

*Art. 28.*

Os vehículos deberán dedicarse exclusivamente á prestación do servizo regulado na presente Ordenanza, quedando prohibido o uso dos mesmos para fins persoais, ou calquera outros que non sexan os de servizo público, excepto os días de libranza, vacacións de verano e calquera outros casos debidamente xustificadas ante a autoridade municipal.

*Art. 29.*

Os vehículos deberán prestar servizo ó público de maneira continuada, sen prexuízo das quendas de descanso establecidas.

Non poderá interromperse a prestación do servizo por prazo superior a trinta días consecutivos ou sesenta alternos no período dun ano, salvo causa grave xustificada por escrito ante o Concello.

Non se considera interrupción o período de vacacións, cuxa duración non será superior a trinta días ao ano.

*Art. 30.*

Ó Sr. Alcalde-Presidente, oídas as Asociacións representativas do sector, poderá establecer as medidas de organización e control que considere necesarias para o perfeccionamento do servizo, e atendendo as necesidades públicas, determinará o horario mínimo de servizos

a prestar, e regulará os días de descanso e períodos de vacación estival, en forma que quede suficientemente garantida a continuidade do servizo.

*Art. 31.*

Atendendo as necesidades e conveniencia do servizo e oídas as Asociacións do sector, se establecen como paradas oficiais municipais as seguintes:

Estación de Guillarei.

Praza de Galicia.

Se establece un sistema de quendas, de xeito tal que, na parada de Guillarei exista sempre un vehículo que permanecerá como mínimo un día por completo. Os restantes vehículos colocaranse por estricte orde de chegada tendo que realizar o servizo o primeiro vehículo situado na parada, non podendo establecerse sistemas arbitrarios de saída.

Naqueles momentos puntuais nos que por actos lúdicos, festivos ou por obras, se vexa dificultado o acceso ou a saída dos situados de parada, o Concello establecerá un situado provisional de fácil acceso e saída, no que os auto-taxis prestarán servizo, previo aviso ós mesmos.

O sistema de quendas realizarase por orde de licencias comezando pola número 1.

Mediante acordo plenario, e previa consulta ás asociacións do sector, poderanse modificar as paradas sinaladas e o réxime de funcionamento das mesmas.

*Art. 32.*

Có galo de que en todo momento, os usuarios poidan coñecer a identificación de quen presta o servizo, tódolos taxis deberán levar en lugar visible para o viaxeiro, o carné municipal de conductor que esté operando o vehículo nese momento, que será expedido pola administración municipal.

A tarxeta expresada se colocará no lugar que sinalen os Servizos Municipais, de tal xeito que sexa visible tanto dende o interior do vehículo como dende o exterior.

A documentación a presentar para a obtención da tarxeta de identificación será a seguinte:

- Solicitud dirixida o ó Concello de Tui .
- Fotocopia cotexada da licenza municipal adscrita ó vehículo no que se presta o servizo.
- Fotocopia cotexada do permiso municipal de conducir do solicitante.
- Fotocopia cotexada da alta na Seguridade Social como traballador autónomo no caso do titular da licenza, ou contrato de traballo debidamente cumprimentado e dilixenciado no INEM, no que se especifique o horario de traballo no suposto de contratos a tempo parcial e fotocopia de alta na seguridade social correspondente ó contrato de traballo antes referido, polo que se refire a conductores asalariados.

Cando un titular de licenza solicite a transferencia da mesma, verá obrigado a entregar nas dependencias municipais correspondentes, a tarxeta de identificación de que sexa titular.

De igual maneira, cando un conductor asalariado cese na súa relación laboral, verá obrigado a entregar ó titular da licenza que o contratou, a tarxeta de identificación que éste depositará nas dependencias municipais para a súa custodia.

A tarxeta de identificación se renovará nas dependencias municipais cada cinco anos, e en todo caso, cando se produza a substitución do vehículo que esté autorizado na mentada tarxeta, previa presentación da documentación referida nos apartados anteriores.

*Art. 33.*

Os conductores deberán coidar súa indumentaria en perfecto estado de limpeza e o seu aseo persoal será correcto.

*Art. 34.*

Os conductores de auto-taxis, na súa relación có público, gardarán a máxima compostura, corrección, educación e cortesía.

Axudarán a subir e baixar do vehículo ás persoas con mobilidade reducida e aquelas que polo seu estado físico o precisen, e a colocar os bultos que puideran portar os usuarios.

*Art. 35.*

Os conductores que estando libre o vehículo, foran requiridos para prestar servizo na forma establecida, no poderán negarse, salvo causa xustificada. Tampouco poderá negarse a prestación a persoas con discapacidade polo feito de ir acompañados de can guía ou en cadeira de rodas. Terán a consideración de causa xusta as seguintes:

- 1º Ser requirido por individuos perseguidos pola Policía.
- 2º Ser solicitado para transportar un número de persoas superior ó de prazas autorizadas para o vehículo.
- 3º Cando calquera dos viaxeiros se atope en estado de manifesta embriaguez, ou intoxicación por estupefacientes.
- 4º Cando o atuendo dos viaxeiros ou a natureza e carácter dos bultos, equipaxes ou animais de que sexan portadores poida deteriorar ou causar danos no interior do vehículo.
- 5º Cando os equipaxes ou bultos non quepan no maletreiro ou portaequipaxes.
- 6º Cando sexa requirido para prestar o servizo por vías intransitables que ofrezan perigo para a seguridade ou integridade tanto dos ocupantes e do conductor como do vehículo.

En todo caso, os conductores observarán có público un comportamento correcto, e a requirimento do usuario deberán xustificar a negativa ante un axente da autoridade, cando éste se encontrase nun lugar próximo ó que requirise o servizo.

*Art. 36.*

Cando en situación de libres sexan requiridos os conductores por varias persoas ó mesmo tempo, se atenderá ós seguintes criterios de preferencia:

- 1º Si son enfermos, persoas con mobilidade reducida ou anciáns.
- 2º Persoas acompañadas de nenos pequenos e mulleres embarazadas.
- 3º As persoas que se atopen na correspondente beirarrúa ó sentido de circulación do vehículo.
- 4º As persoas de maior idade.

Estes preceptos non serán de aplicación polo que afecta ós puntos de espera, nos que a preferencia verá determinada pola orden de chegada dos usuarios.

*Art. 37.*

Cando un vehículo libre estivera circulando e o seu conductor sexa requirido para prestar servizo, deberá parar en lugares e forma que non entorpeza a circulación.

*Art. 38.*

No momento de ser requirido procederá a quitar o cartel de libre e, unha vez ocupado o vehículo polo usuario e indicado o punto de destino, o conductor procederá a baixar a bandeira.

Si o conductor olvidara por en funcionamento o contador, será da súa conta exclusiva o devengado ata o momento de advertir a súa omisión, calquera que fora o percorrido efectuado, a menos que o pasaxeiro, libremente, esté disposto a abonar a cantidade que, de común acordo, conveñan.

*Art. 39.*

No caso de accidente ou avaría, así como cando o vehículo fora detido por un axente da Circulación para ser amoestado ou sancionado, se porá a bandeira do aparato taxímetro en punto morto. Si non se consumase o servicio, o usuario só estará obrigado a pagar o que o contador marque, deducindo o importe da baixada de bandeira.

A toma de carburante, calquera que sexa a súa clase, só poderá realizarse estando libre o vehículo, salvo autorización expresa do viaxeiro, pasando o taxímetro a punto morto.

*Art. 40.*

Os conductores deberán seguir en cada servicio o itinerario máis corto, salvo indicación en contrario do viaxeiro, axustándose en todo momento ás normas e sinais de circulación e ás indicacións dos axentes.

*Art. 41.*

Ó chegar ó lugar de destino o conductor procederá a parar o vehículo no lugar e forma establecidos no Art. 37, porá o contador en punto morto e indicará ó pasaxeiro o importe do servicio.

*Art. 42.*

Os conductores deberán revisar o interior do vehículo cada vez que se desocupe, a fin de comprobar si algún obxecto do usuario quedase no mesmo, entregándoo ó ocupante. De non poder devolvelo no acto, farase entrega do mesmo, ante a Policía Local, dentro das 72 horas seguintes.

*Art. 43.*

Os vehículos cando non estean ocupados, deberán estar circulando ou sitos nas paradas sinalizada só efecto, ás que deberán concorrer obrigatoriamente.

VII. PROCEDIMIENTO SANCIONADOR  
E COMPETENCIAS MUNICIPAIS*Art. 44.*

A efectos desta Ordenanza se considerará falta toda infracción das obrigacións contidas na mesma.

As faltas cometidas polos titulares de licencias e conductores poderán ser:

- Leves.
- Graves.
- Moi graves.

*Art. 45.*

Serán faltas imputables ós conductores:

*I. LEVES*

1. Baixar a bandeira antes que o usuario indique o punto de destino.
2. Non levar o cambio obrigatorio.
3. Tomar carburante estando o vehículo ocupado, salvo autorización do usuario, colocando para elo a bandeira en punto morto.
4. Non levar iluminado o aparato taxímetro a partir da posta de sol.
5. Non levar no vehículo a documentación persoal regulamentaria a que se refire o artigo 19.
6. Non respectar a orde de preferencia entre usuarios a que se refire o artigo 36.
7. Fumar dentro do vehículo.
8. Descuido no aseo persoal.
9. Descuido no aseo interior e exterior do vehículo.
10. Discusións entre os compañeiros de traballo.
11. Abandonar o vehículo sen xustificación.
12. Non colocar o impreso da vixente tarifa á vista do usuario.

*II. GRAVES*

1. Seguir itinerarios que non sexan os máis curtos, ou non atender os indicados polo usuario.
2. Desconsideración grave no trato cós usuarios do servicio ou compañeiros.
3. Non por as indicacións de «libre» ou ocultalas, estando o vehículo desocupado.
4. Negarse a prestar o servicio estando libre.
5. Escoller pasaxe u ofrecer e buscar pasaxeiros, fora das normas prescritas nesta Ordenanza
6. Abandonar o servicio antes de cumprir o prazo de espera abonado polo usuario, ou negarse á espera, sen xustificación conforme á Ordenanza.
7. Negarse a exhibir o libro de reclamacións cando sexa requirido para elo.
8. Admitir pasaxe funcionando o taxímetro.

9. Non admitir número de viaxeiros autorizados ou admitir número superior.

10. Conferir a outra persoa a condución do vehículo ó seu cargo.

11. Conducir tendo o permiso municipal caducado.

12. Non exhibir a tarxeta de identificación de conductor de auto-taxis nun lugar do vehículo visible para os usuarios.

13. Utilizar o vehículo para fins distintos do que é propio do servizo público, salvo as excepcións contidas nesta Ordenanza.

### III. MOI GRAVES

1. Ser causa dun accidente e darse á fuga.

2. O cobro de tarifas superiores ou inferiores ás autorizadas e de suplementos non establecidos.

3. Efectuar alteracións ou manipulacións no aparato taxímetro.

4. Conducir o vehículo en estado de embriaguez.

5. Negarse a prestar auxilio a feridos ou accidentados.

6. Conducir nos supostos de revogación temporal do permiso municipal de conducir, ou prestar servizo sen estar en posesión da tarxeta de identificación de conductor de auto-taxis.

7. Abandonar ó viaxeiro sen prestar o servizo para o que fora requirido, sen causa xustificada.

8. A comisión de delitos cualificados polo Código Penal como dolosos, con ocasión ou con motivo do exercicio da profesión.

9. Prestar servizo os días de descanso.

10. Reter calquera obxecto abandonado no vehículo sen dar conta delo, á autoridade competente dentro, das 72 horas seguintes.

11. Non presentar o vehículo, ou negarse a exhibir documentación a requirimento da autoridade ou axentes.

12. A negativa a expender recibo do importe da carreira, segundo modelo oficial, cando o solicite o usuario ou alterar os datos.

13. Negarse á entrega da tarxeta de identificación de conductor de auto-taxis, nos casos de rescisión da relación laboral.

#### Art. 46.

As infraccións establecidas no artigo precedente serán obxecto das sancións seguintes:

#### A) Para as faltas leves.

1. Amoestación.

2. Suspensión do permiso municipal de conducir ata quince días.

#### B) Para as faltas graves.

1. Suspensión do permiso municipal de conducir de tres a seis meses

#### C) Para as faltas moi graves.

1. Suspensión do permiso municipal de conducir ata un ano.

2. Retirada definitiva do permiso municipal de conducir.

En todo caso, se sancionarán coa retirada definitiva do permiso local de conducir as infraccións moi graves determinadas en los apartados 4, 6, 8 y 13.

#### Art. 47.

Serán faltas imputables ós titulares da licenzia:

#### I. LEVES

1. O retraso na presentación do vehículo ás revisións establecidas nesta Ordenanza.

2. Non dar o debido mantemento ó vehículo para evitar o descuido interior e exterior.

3. Non levar a documentación a que se refire o Art. 19, apartados 1 y 3.

4. As establecidas no apartado I do Art. 45 cando o titular da licenzia sexa o conductor do vehículo.

#### II. GRAVES

1. Non comunicar as altas y baixas de conductores dos seus vehículos.

2. Colocar publicidade nos vehículos sen autorización municipal.

3. Por o coche en servizo non estando nas condicións adecuadas de funcionamento.

4. Non asistir ás paradas, durante unha semana consecutiva, sen causa xustificada.

5. Non respectar os horarios de servizo fixados ou calquera outra norma de organización ou control establecida.

6. As establecidas no apartado II del Art. 45 cando o titular da licenzia sexa o conductor do vehículo.

#### III. MOI GRAVES

1. Usar o vehículo para prestar servizo distinto do regulado na presente Ordenanza, salvo os supostos establecidos no Art. 28.

2. Deixar de prestar servizo ó público durante trinta días consecutivos ou sesenta alternos durante o período dun ano, salvo que se acrediten razóns que o xustifiquen, que se alegarán por escrito ante o Concello.



3. Non ter o titular da licencia concertada ou en vigor a póliza de seguros.

4. Non presentar o titular o vehículo ás revistas establecidas.

5. O arrendo, aluguer ou cesión das licencias que supoñan unha explotación non autorizada por esta Ordenanza e as transferencias de licencias non autorizadas.

6. A contratación de persoal asalariado sen o necesario permiso municipal de conducir.

7. Efectuar ou permitir alteracións o manipulacións no aparato taxímetro.

8. As establecidas no apartado III do Art. 45 cando o titular da licencia sexa o conductor do vehículo.

9. A prestación do servizo nos supostos de suspensión, revogación ou caducidade da licencia ou retirada do permiso local de conducir.

10. O incumprimento por exceso ou por defecto das horas de traballo, descanso semanal e vacacións e as normas de organización do servizo, a negativa á prestación de servizos extraordinarios, especiais ou de urxencia.

11. Os cambios realizados nos distintivos fixados no vehículo referentes ó número de licencia, ou calquera outro establecido polo Concello de Tui.

#### Art. 48.

As infraccións establecidas no artigo precedente serán obxecto das sancións seguintes:

##### 1. Para as faltas leves.

- a) Amoestación.
- b) Suspensión da licencia municipal ata quince días.

##### 2. Para as faltas graves.

- a) Suspensión da licencia municipal de tres a seis meses.

##### 3. Para as faltas moi graves.

- a) Suspensión da licencia municipal ata un ano.
- b) Retirada definitiva da licencia municipal.

En todo caso se sancionarán coa retirada definitiva da licencia municipal ás infraccións moi graves determinadas nos apartados 1, 2, 4, 5, 6, 7 y 9.

#### Art. 49.

O procedemento sancionador se iniciará de oficio ou a instancia de particulares, agrupacións profesionais e Asociacións de Consumidores e Usuarios.

En canto ao procedemento, se estará ó establecido nos Art. 134 e seguintes da Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Proce-

demento Administrativo Común, e no Real Decreto 1398/93 de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

#### Art. 50.

Tódalas sancións, incluso a de amoestación, serán anotadas nos expedientes persoais dos titulares de licencia e dos conductores.

#### Art. 51.

Os titulares de licencia e conductores poderán solicitar a cancelación da nota desfavorable que figure no rexistro municipal correspondente, sempre que observase boa conducta e se cumprise a sanción, unha vez transcorrido dende a imposición desta, un ano, tratándose de falta leve e dous anos, tratándose de falta grave.

#### Art. 52.

Os servizos municipais competentes anotarán nos expedientes dos titulares de licencia e dos conductores aqueles feitos que consideren dignos de premio.

Estas anotacións serán tidas en conta na resolución dos expedientes sancionadores que se instrúan, así como as peticións de carácter graciable que soliciten os afectados.

#### Art. 53.

As competencias, tanto para o outorgamento das licencias, como para a súa revogación ou retirada, substitución de vehículos e demais actuacións que podan producirse en relación có contido desta Ordenanza, corresponderán á Alcaldía-Presidencia.

Asemade, están atribuídas á Alcaldía, as facultades en materia de imposición de sancións que se deriven das infraccións que se conteñen na Ordenanza, previa instrución do correspondente expediente sancionador.

#### Disposición derogatoria.

Queda derogada o “Reglamento de servizos urbanos en automóbiles ligeros” do Concello de Tui aprobado en sesión plenaria de data 29.12.1981.

#### Disposición Final.

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez transcorrido o prazo que sinala o artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.

Tui, 1 de agosto de 2006.—O Alcalde, Antonio F. Fernández Rocha. 2006007746